



A ACTIVIDADE ECONÓMICA E OS SECTORES PRODUTIVOS



Elaboración propia.



ÍNDICE

A ACTIVIDADE ECONÓMICA E OS SECTORES PRODUTIVOS

1. A ACTIVIDADE ECONÓMICA.....	1
<i>Exercicios</i>	3
2. ACTIVIDADE DO SECTOR PRIMARIO.....	4
2.1 A agricultura.....	4
2.2 A gandaría.....	5
2.3 A pesca.....	5
<i>Exercicios</i>	6
3. ACTIVIDADE DO SECTOR SECUNDARIO.....	7
<i>Exercicios</i>	8
4. ACTIVIDADE DO SECTOR TERCIARIO.....	9
4.1 O comercio.....	9
4.2 O transporte.....	9
4.3 O turismo.....	10
<i>Exercicios</i>	10
SOLUCIÓN.....	11



1. A ACTIVIDADE ECONÓMICA

A actividade económica é o conxunto de actuacións que o ser humano realiza para producir, distribuír e consumir bens e servizos que demanda a sociedade. Estas actividades son esenciais para o funcionamento da economía..

A actividade económica divídese en:

- **Producción**, por parte das empresas.
- **Distribución**, por parte das empresas que elaboran o produto.
- **Consumo**, por parte dos consumidores ou persoas usuarias.

As actividades empresariais poden subdividirse en función do tipo de proceso produtivo ou sector económico.

Os **sectores económicos** aluden ás categorías que agrupan diferentes tipos de actividades económicas, segundo o seu funcionamento no proceso de produción de bens e servizos. Así, podemos destacar tres sectores:

- **Sector primario:** abrangue todas as actividades relacionadas coa extracción ou recolección dos recursos naturais, referímonos á **agricultura, gandería, pesca, extracción forestal e mineira**. Constitúe o sector máis básico de todos porque lles subministra materias primas aos outros sectores para que as usen e as transformen.
- **Sector secundario ou sector industrial:** abrangue todas aquelas actividades que transforman as materias primas ou recursos en produtos elaborados ou semielaborados. Co sector secundario referímonos a toda a industria en xeral: a téxtil, naval, siderúrxica, química, automobilística... e mais a construción.
- **Sector terciario ou sector servizos:** abrangue a prestación de servizos e o comercio, en lugar da produción de bens tanxibles. É o sector que máis medrou nas economías modernas.

Ás veces distínguese un cuarto sector denominado **sector cuaternario**, que abrangue as actividades relacionadas coa información e o coñecemento. Poderíamos incluír neste sector: a investigación científica, o desenvolvemento tecnolóxico ou a informática.

Ademais, **os sectores económicos** non permanecen illados, senón que **están interrelacionados e interconectados**, necesitanse mutuamente e dependen uns doutros.

Os factores de produción

Os factores de produción son os elementos que se utilizan na produción e distribución dos bens e servizos, constitúen recursos escasos e pódense clasificar en función da súa orixe do seguinte modo:

- **Recursos naturais (terra):** son aqueles que proveñen da natureza e, por tanto, non foron producidos polo ser humano. Abranguen a terra cultivable e urbana, os recursos do solo e do mar, así como os minerais e a pesca. Poden ser renovables ou non renovables.
 - **Renovables:** son aqueles que se poden utilizar dun xeito reiterado, sempre que se exploten dunha maneira sostible, como, por exemplo, un banco de peixes.
 - **Non renovables:** son aqueles que unha vez consumidos non se poden rexenerar, porque a súa produción é moi lenta e esgótanse, como, por exemplo, o petróleo.

Actualmente dáse unha situación de demanda de recursos superior ás existencias, xa que os recursos son escasos, como sinalabamos, e por iso non podemos satisfacer todas as nosas necesidades. Esta circunstancia, a miúdo, dá lugar á unha situación de sobreexplotación que pode chegar a esgotar as reservas. Un exemplo sería a exterminación de determinadas especies de seres vivos.

- **Traballo:** abrangue toda actividade humana física ou intelectual que intervéñ no proceso produtivo. A intervención das persoas no proceso produtivo é imprescindible por moi informatizada ou mecanizada que estea a nosa sociedade moderna de hoxe en día, por exemplo non é posible manexar un computador sen que interveña polo menos unha persoa. Co paso dos anos ganou importancia o concepto de **capital humano**, que é a cualificación dos individuos para producir bens, xa que a formación e a experiencia incrementan o rendemento no traballo.



"Empregado de fábrica" (Labanderadeadiosayer CCBY-SA 4.0)



- **Capital:** refírese aos bens dos que dispón unha empresa para desenvolver o seu proceso produtivo, é dicir, bens que se empregan para producir outros bens. Divídese en dous tipos:
 - **Físico:** edificacións, equipamentos, maquinaria, ferramentas, mobiliario, computadores... que se utilizarían na produción de bens e servizos. Sen dúbida, a Revolución Industrial supuxo un punto de inflexión no desenvolvemento da maquinaria e unha maior capacidade de produción.
 - **Financeiro:** os cartos.
- **O empresario.** Para producir bens, ademais de terra, traballo e capital, necesítase alguén para organizar do mellor xeito posible todos estes recursos.



EXERCICIOS

Exercicio 1

Expón un exemplo de interdependencia económica entre sectores na industria téxtil.

Exercicio 2

Define o concepto de capital humano.

2. ACTIVIDADE DO SECTOR PRIMARIO

2.1 A agricultura

A **agricultura** é o conxunto de técnicas e coñecementos para cultivar a terra e, ata a Revolución Industrial, constituía a principal fonte de riqueza e era a base da economía. Na actualidade, nos países desenvolvidos, perdeu moito peso, aínda que segue a ser necesaria como fonte de alimentación humana e subministradora de materias primas industriais.



"Junín campo 20120430 2" (Germanramos CC0 1.0)

O **espazo agrario** é aquel territorio que se atopa no mundo rural onde se desenvolven actividades agrarias, gandeiras e forestais. Podemos clasificalo en función de diferentes factores de tipo físico e humano:

- Factores físicos, como o clima, o relevo ou o solo.
- Factores humanos, como a orientación económica (de mercado, ecolóxica sen pesticidas...), os sistemas de cultivo (monocultivo, policultivo, ...).

Este espazo está composto por unha serie de elementos: o espazo habitado e o espazo cultivado. O espazo habitado ou **hábitat rural** é aquel onde se asenta a poboación e pode ser concentrado ou disperso, segundo a forma de poboamento. O espazo cultivado está dominado pola explotación agraria e pode estar integrado por parcelas (terras con límites precisos pertencentes a un propietario) ou explotacións (conxunto de parcelas traballadas por un mesmo produtor agrario).

Por outra banda, o espazo cultivado pódese clasificar con base en diferentes criterios, como os que figuran a seguir:

- Segundo o seu tamaño: **latifundio** (máis de 100 hectáreas) ou **minifundio** (menos de 30 hectáreas).
- Segundo a propiedade da terra: **privada**, **pública** ou **colectiva**.
- Segundo os límites: **campos abertos** e **campos pechados** (cun cerco).
- Segundo os cultivos: **policultivo** ou **monocultivo**.
- Segundo a produtividade: **cultivo intensivo** (alta produtividade) ou **cultivo extensivo** (grandes extensións con baixa produtividade).


Así mesmo, diferenciamos **distintos tipos de sistemas agrícolas**, segundo a súa orientación económica:

- **De consumo:** os agricultores producen o necesario para a subsistencia da súa familia e empregan técnicas tradicionais con baixa produtividade.
- **Comercial:** os agricultores elevan a produción para poder exportala e utilizan técnicas modernas con alto rendemento e especialización rexional.

2.2 A gandaría

A gandaría é unha actividade económica que consiste na cría de animais co obxectivo do seu aproveitamento económico. Dependendo da especie gandeira, pódense obter diferentes produtos derivados, como carne, leite, ovos, coiros, la...

A gandaría está estreitamente relacionada coa agricultura, xa que o gando achega esterco que é utilizado como fertilizante.



"Gando vacún pacendo nunha braña de Villapresente" (Teofrasto820 CCBY-SA 4.0)

As explotacións gandeiras poden ser de diferentes tipos: a **gandaría extensiva**, na cal o gando se cría en grandes extensións de terreo, alimentándose de pastos naturais e sen prexudicar o medio natural; ou a **gandaría intensiva estabulada**, na cal o gando se cría en granxas ou explotacións pechadas, co obxectivo de obter carne ou leite no menor tempo posible. Esta última gana peso con respecto á extensiva.

2.3 A pesca

A pesca é a actividade destinada a obter recursos alimenticios das augas do mar, dos ríos e dos lagos, como peixes, crustáceos ou moluscos, aínda que a piscicultura -cultivo controlado de especies animais e vexetais acuáticas en viveiros- está en auge debido á sobreexplotación pesqueira.



"Barco de arrastre" (Céréales Killer CCBY-SA 1.0)

Non todas as zonas dos mares e océanos son ricas en recursos pesqueiros. A pesca concéntrase en diferentes lugares do planeta coñecidos como caladoiros, que poden ser de diferentes tipos.

Por outra banda, distinguimos tres tipos fundamentais de pesca:

- **De grande altura.** Implica grandes flotas de pesqueiros conxeladores que realizan a súa actividade en calquera lugar do océano, en augas moi retiradas da costa, e as campañas adoitan durar varios meses.



- **De altura.** É a que necesita grandes barcos, nos cales se traballa durante campañas que duran días ou semanas, en augas relativamente afastadas da costa.
- **De baixura ou costeira.** É a que ten lugar en pequenas embarcacións, case sempre familiares, preto da costa e durante unhas horas ao día.

Cando non hai caladoiros importantes nas plataformas continentais propias, os países tradicionalmente pesqueiros vense obrigados a pescar en caladoiros afastados, circunstancia que acontece cada vez de xeito máis habitual.



EXERCICIOS

Exercicio 3

Que peso ten hoxe en día a agricultura nos países desenvolvidos?

Exercicio 4

Que é a piscicultura e a que se debe o seu auxe?

3. ACTIVIDADE DO SECTOR SECUNDARIO

No proceso industrial, para elaborar un produto, son necesarias **materias primas** que poden ser de diferentes tipos:

- De orixe agrario-gandeiro-forestal: leite, algodón...
- De orixe mineral: ferro, aluminio...



"Industria-1827884 1280" (Cwizner CCO 1.0)

As **fontes de enerxía** son os recursos que proporcionan a forza necesaria para levar a cabo un traballo. Poden ser de diferente tipo:

- **Renovables:** son inesgotables e de balde, e o seu impacto no ambiente é baixo. Exemplos deste tipo de produción de enerxía serían:
 - A solar: provén da calor e da luz do sol.
 - A eólica: ten a súa orixe na forza do vento.
 - A mareomotriz: extráese do movemento das augas do mar.
 - A xeotérmica: provén da calor interna da terra.
 - A hidroeléctrica: xerada a partir dos saltos de auga.
 - A biomasa: extraída dos residuos orgánicos da agricultura, gandaría ou explotación forestal.
- **Non renovables:** son limitadas, contaminantes e as súas reservas diminúen ao seren consumidas: carbón, petróleo, gas natural e enerxía nuclear.



"Parque eólico Serra dos Caracois (Andrés Franchi Ugart CCBY-SA 3.0)

Pola súa vez, a industria podemos clasificala en:

- **Industria básica, de base ou pesada:** transforman as materias primas en produtos semielaborados para outras industrias, como a metalúrxica.
- **Industrias de bens de equipamento:** transforman os materiais semielaborados obtidos na industria de base, como a construción de vivendas, estradas...
- **Industrias de consumo,** para o uso e gozo da poboación, como a electrónica ou a téxtil.

A **industria actual** emprega poucos traballadores, pero moi cualificados; a produción destínase ao mercado mundial, utiliza unha alta tecnoloxía, apóiase na revolución dos transportes e da comunicación, priman os grandes grupos industriais, as distintas tarefas sepáranse coa **deslocalización industrial**: é dicir, cada unha delas desenvólvese onde resulta máis conveniente, en países con menor custo para a empresa, xeralmente en países en vías de desenvolvemento.



EXERCICIOS

Exercicio 6

Que son as enerxías renovables?

Exercicio 7

Que é a deslocalización industrial?

4. ACTIVIDADE DO SECTOR TERCIARIO

Abrangue todas aquelas actividades relacionadas coa *prestación de servizos á sociedade*. Son aquelas actividades que non producen bens materiais ou tanxibles, senón diferentes tipos de servizos: hostalaría, sanidade, educación, seguridade, turismo, transporte, comercio, banca..., e un sin fin delas. Constitúe o sector que máis medrou nas economías modernas.

Nos países desenvolvidos é un referente económico pola súa relevancia na economía e polo número de persoas que emprega. O aumento da produtividade leva a unha maior riqueza que provoca un aumento da demanda de servizos, como o ocio ou a cultura. Hoxe en día, nos países desenvolvidos, aproximadamente o 75 % da poboación está empregada no sector servizos, isto coñécese co nome de **terciarización** da economía.


Os servizos poden ser **públicos**, ofrecidos polo sector público, ou **privados**, ofertados pola iniciativa privada. Independentemente da súa titularidade, cada vez se aprecia máis a externalización dos servizos, coa subcontratación de servizos a outras empresas máis pequenas.

4.1 O comercio

O comercio abrangue todas as actividades relacionadas co intercambio de bens e servizos baseado na *Lei da oferta e da demanda*. Actualmente cómpre destacar a importancia do **comercio en liña**, a través da internet, cada día máis importante.

O comercio, segundo onde se desenvolve, pode ser: **interior** (dentro dun mesmo país) ou **exterior** (entre un país e o resto dos países fóra das súas fronteiras).

Na actualidade, o comercio ten unha enorme importancia pola constante demanda de produtos e polo desenvolvemento dos medios de transporte e de comunicación, polo que o comercio internacional tende a eliminar trabas e aranceis.



Elaboración propia.

4.2 O transporte

O transporte é a actividade que traslada as persoas e as mercadorías entre lugares xeográficos.

Temos diferentes tipos de transporte segundo os diferentes criterios:

- Pola propiedade: **públicos** ou **privados**.
- Polo contido: de **pasaxeiros** ou de **mercadorías**.
- Polo medio de transporte en que se levan a cabo: **terrestre**, **naval** ou **aéreo**.



4.3 O turismo

O turismo consiste nas viaxes e estadias que realizan as persoas en lugares diferentes da súa contorna habitual, por lecer, negocios ou outros motivos.

Existen diferentes modalidades de turismo: cultural, rural, de costa, de balnearios e saúde, relixioso, ecolóxico, internacional...

Por outra banda, o turismo pode xerar **efectos positivos**, como a creación de postos de traballo, o aumento dos ingresos ou o intercambio cultural; ou **efectos negativos**, como o impacto ambiental negativo ou a elevación dos prezos e a especulación do solo.



EXERCICIOS

Exercicio 7

Indica un motivo que xustifique o auxe do sector terciario nos países desenvolvidos.



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

A industria téxtil require algodón, material que se extrae da natureza, para fabricar camisetas e, por tanto, depende do sector primario. Ademais, necesita da industria química para elaborar as camisetas. Por último, o sector terciario tamén se virá implicado, ao precisar do comercio para vender as camisetas.

Exercicio 2

O capital humano fai alusión á cualificación dos individuos para producir bens, xa que a formación e a experiencia incrementan o rendemento no traballo.

Exercicio 3

Hoxe en día, a agricultura perdeu moito peso, posto que só unha pequena parte da poboación se dedica a esta actividade; pero segue a ser necesaria como fonte de alimentación humana e subministradora de materias primas industriais.

Exercicio 4

A piscicultura é o cultivo controlado de especies animais e vexetais acuáticas en viveiros, e está en auge debido á sobreexplotación pesqueira.

Exercicio 5

Son enerxías que non se esgotan, gratuítas, cun impacto baixo no ambiente, como por exemplo a enerxía eólica.

Exercicio 6

A **deslocalización industrial** alude á separación das tarefas que realiza unha empresa, trasladando esa carga de traballo a países con menor custo para ela.

Exercicio 7

O aumento da produtividade nos países desenvolvidos leva a unha maior riqueza, que xera un aumento da demanda de servizos, como o ocio ou a cultura, por parte da poboación.



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

De toda a sociedade, institucións públicas e cidadáns.

Exercicio 2

Para coñecermos e valorarmos a cultura, historia e identidade dunha comunidade, grupo ou país e tomar conciencia da súa preservación. Co estudo do patrimonio artístico, ademais de comprender e coñecer mellor o pasado, achegando matices novos, podemos interpretar mellor o presente e mesmo pode axudar a proxectar mellor o futuro.

Exercicio 3

Un cadro, unha escultura, composición musical... pode constituír unha narración dunha historia sobre o autor/a ou autores desta e achegar información sobre o contexto histórico, político, cultural e/ou social en que foi producido.

Exercicio 4

A perda da homoxeneidade artística, xa que se suceden diferentes estilos artísticos, ás veces contrapostos, e a liberdade artística.

Exercicio 5

Reivindicando o sentimento fronte á razón, a orixinalidade fronte á tradición grecolatina e a creatividade fronte á imitación neoclásica.

Exercicio 6

Goya non se encadra dentro de ningún estilo, a súa xenialidade escapa de toda clasificación; foi precursor incluso de estilos artísticos posteriores.

Exercicio 7

Porque supón un manifesto moral en contra da brutalidade e crueldade da guerra e da irracionalidade pola que se pode deixar levar o ser humano para chegar a esa situación.